

## ERIK E O RELOXO DE PULSEIRA

O reloxo de pulseira que Erik levaba soou ás sete da mañá. A esfera e a correa do reloxo eran laranxas, cos díxitos en verde e o peche metálico. A Erik fascináballe. Ao soar a alarma programada, Erik presionou con rapidez o botón do lateral para desactivala, retirou a saba que lle cubría o corpo e incorporouse da cama coa dilixencia do que sabe que ten unha misión importante que cumprir.

A noite anterior había deixado escondidas baixo a cama algunhas cousas que agora utilizaría, estirou o brazo e foi recuperándoas: unha caixa de cereais baleira, un nobelo de la branca, tesoiras, un rotulador de punta grosa, un rolo de cinta adhesiva... Colocou os obxectos fronte a el e reflexionou varios minutos, tomou despois a caixa de cereais e recortou un pequeno rectángulo. Co rotulador de punta grosa escribiu o seu nome no anaco de cartón e realizou un buraco na parte superior da peza. Cortou un anaco de la e atravesou o buraco cun dos cabos. Atou os extremos e colocouse o cartel ao redor do pescozo, de maneira que o seu nome queda ben visible. Repetiu a tarefa dúas veces máis, agora cos nomes da súa nai e do seu pai. Recortou tamén varias pezas de cartolina nas que escribiu palabras como "cociña", "salón", "frigorífico", etc. Tamén debuxou un mapa da casa no que indicou a localización de todas as habitacións.

Ás oito e media pasadas os seus pais chamárono a almorzar e tivo que interromper o labor para dirixirse á cociña. Mentres tomaba o vaso de leite cun anaco de pan con marmelada, prestou oídos á conversación que mantiñan os seus pais. A súa nai saíría ás dez e volvería en pouco máis dunha hora, o seu pai esperaríalos en casa. Erik fixo a conta cos dedos: quedaban algo máis de dúas horas.

Acabou o vaso de leite e subiu de dous en dous as escaleiras que separaban a cociña do cuarto de baño. Mentres se lavaba os dentes sacou do peto dereito do pantalón do pixama algunhas das etiquetas que fabricara. Logo dirixiuse á súa habitación para vestirse. Os seus pais deixábanlle a diario preparadas as pezas que tiña que poñerse; estaban a mediados de verán e encima da cómoda podía ver as bermudas azul escuro con seis petos que lle encantaban e unha camiseta branca cunha bicicleta que lle traía a súa tía de Menorca. Erik non utilizou ningunha das pezas, achegouse ao armario cor caoba e rebuscou ata atopar un pantalón verde do outono pasado e o xersei de franxas de cores que levara nos aniversarios do seu avó en novembro. Tiña calor e os pantalóns quedaban algo pequenos, pero sabía que esa era a roupa apropiada.

Baixou a vista ao reloxo de pulseira. Os díxitos verdes da esfera marcaban agora as dez e cuarto, a súa nai xa saíra de casa e o seu pai lía no salón. As escaleiras que conectaban as dúas plantas da casa estaban despexadas. Entrou no despacho da súa nai e colleu un bloque de notas adhesivas amarelas. Foi pegando unha a unha nos banzos das escaleiras de tal modo que aqueles banzos de madeira escura quedaban agora ben sinalizados polas mesmas.

Chegaba agora a parte máis complicada do plan: conseguir os álbums de fotos familiares. Desde que unha vez decidiu ver un deles coas mans manchadas de chocolate, os seus pais xa non querían que os collese sen permiso. Mentir podía non estar sempre ben pero sabía que neste caso era completamente necesario. Entrou na sala de estar e díxolle ao seu pai que a súa irmá caeuse do berce. O seu pai levantouse dun salto e saíu coa cara desencaixada do salón. Tiña que ser rápido, arrastrou un taburete ata o moble no que se atopaban os álbums e apoderouse dun deles.

De volta na súa habitación, despegou das follas de plástico as fotos nas que aparecía a súa nai de nena cos seus pais, outra do avó e a avoa cun chapeu de palla e unha foto na que se vía a Erik cando era bebé en brazos do avó. Levou as fotos ao cuarto de invitados e foi pegándoas nas paredes.

A súa nai non tardaría en volver da residencia na que se atopaba o seu avó. O ancián pasaría con eles o verán. Hai uns días os seus pais explicáranlle que o avó tiña a enfermidade de Alzheimer e que seguramente non se acordaría del nin da casa, tería problemas cos nomes das cousas e algunhas dificultades de movemento. Pero el organizábao todo. O avó chegaría, veríao coa mesma roupa coa que o viu a última vez e acordaríase de que el era o seu neto, tamén podería ler o seu nome no cartel que levaba ao pescozo. Todas as habitacións tiñan escritos os seus nomes e as notas adhesivas amarelas pegadas aos banzos das escaleiras permitiríanlle distinguir ben os chanzos para non tropezar. As fotos da súa habitación axudaríanlle a lembrarlle que eramos a súa familia. Volveu repasar mentalmente todos os detalles e acordouse dunha última cousa. Quitouse o reloxo de pulseira e foi correndo ao cuarto que ocuparía o seu avó. Deixou o reloxo na mesilla e programou a alarma ás oito e media. Quizá fose algo pronto para o avó pero esta vez pensou só nel e nas inmensas ganas que tiña de volver almorzar na súa compañía.